

Europa

Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) Os novos títulos universitarios. As ensinanzas oficiais de posgrao: o máster

Emilia Seoane Pérez

Conseleira EURES
(EUROpean Employment Services)
Profesora da Universidade de Vigo

eurs.universidade.emilia@uvigo.es



O proceso de adaptación das ensinanzas universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) contempla os estudos oficiais de grao e os de posgrao. Pódese atopar máis información en *Eduga*, nos números 49 (pp. 40-42), 53 (pp. 42-45) e 54 (pp. 52-53). Os programas oficiais de posgrao abranguen dous niveis que se corresponden co segundo e co terceiro ciclo universitario. Os devanditos niveis son os estudos de máster, de segundo ciclo, e os de doutoramento, de terceiro, e con ambos os dous se acadan os títulos universitarios de máster e de doutor ou doutora, respectivamente.

No Sistema Universitario Español, as primeiras experiencias de implantación dos novos estudos universitarios de máster, como posgraos oficiais adaptados ao EEES, comezan no curso académico 2006/07.

Entre os aspectos que caracterizan un máster oficial, cómpre salientar:

- A súa finalidade funcional e versátil, en tanto que pretenden que o estudante adquira unha formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, que se dirixa a unha especialización profesional ou académica, ou ben á iniciación en tarefas investigadoras.
- O número de créditos que se deben cursar para obter un título vai de 60 a 120 ECTS (European Credit Transfer and Accumulation System), dependendo dos requisitos do programa e da formación previa.
- A duración pode ser dun ou de dous cursos académicos.
- O nivel de aprendizaxe conseguido por un estudante de máster exprésase con cualificación numérica.
- Os créditos que configuren o título, conterán toda a formación teórica e práctica que a alumna ou o alumno deba adquirir, presentada en materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, actividades de avaliación e traballo fin de máster, cuxas elaboración e defensa pública se corresponden coa fase final destes estudos.
- O traballo fin de máster, terá unha asignación entre 6 e 30 créditos ECTS.
- Cada universidade elaborará os plans de estudos conducentes á obtención do título, de acordo coa normativa superior establecida, onde entre outras informacións, se recollerán a denominación, a duración e os criterios de acceso ao mesmo.
- Os prezos destes estudos estarán limitados por taxas públicas determinadas polas comunidades autónomas, con base nas directrices marcadas polo Consello de Coordinación Universitaria.
- Unha vez finalizados estes estudos, a universidade, ademais de expedir o título oficial, entregaralle ao titulado o Suplemento Europeo ao Título (SET).

- Como norma xeral, o requisito para acceder aos estudos de máster, é estar en posesión dun título de grao, ou doutro declarado expresamente equivalente ou superior (diplomaturas, enxeñarías e arquitecturas técnicas, licenciaturas, enxeñarías e arquitectura).

- No caso das persoas tituladas en sistemas educativos alleos ao EEES, poderán acceder a estes estudos sen necesidade de homologación dos seus títulos, unha vez que a universidade que imparte o máster, comprobe que tales estudos acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois, e que facultan para o acceso a ensinanzas de posgrao no país expedidor dos mesmos. Esta situación dáse unicamente para efectos de acceso ao título de máster, mais nunca implicaría a homologación do título previo doutro país, que a persoa posúa, nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexan os de cursar estas ensinanzas.

- Actualmente, no Sistema Universitario Español, estanse a ofertar ensinanzas universitarias oficiais de máster amparadas legalmente nas disposicións contidas no Real decreto 56/ 2005, do 21 de xaneiro. A partir do curso académico 2009/10, os novos títulos terán que facelo baixo as disposicións do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

- Dende o curso 2007/08, na convocatoria xeral de bolsas do Estado español, incorpóranse as destinadas á realización deste tipo de estudos de carácter oficial, tanto en universidades españolas como noutros países.

- Como complemento a estas bolsas, e a partir do mesmo curso, o goberno do Estado español pon en marcha unha liña de préstamos ligados á renda futura, cun interese do 0% e ata quince anos para a súa amortización. A iniciativa ten como obxectivo facilitar o acceso ao estudo.

- Como especial novidade para o colectivo docente, cómpre dicir que a formación para o exercicio da profesión no ensino secundario e de bacharelato, formación profesional e de ensinanzas de idiomas, deixa de abordarse dende o tan familiar CAP (Curso de Aptitude Pedagóxica), para pasar a ser, ao abeiro do EEES, unha formación universitaria de máster. Estamos falando, neste caso, de plans de estudos para a obtención de títulos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas que esixen o nivel universitario de máster. Asistimos logo neste curso 2008/09 á despedida do CAP e daremos a benvinda no 2009/10 ao novo máster.

Na actualidade, son 77 as universidades que integran o Sistema Universitario Español, 47 de titularidade pública e presenciais, 23 de titularidade privada ou da Igrexa Católica e presenciais, ás que hai que sumar 5 universidades non presenciais e 2 universidades especializadas. As especializadas unicamente imparten programas de posgrao (máster e doutoramento) e son a Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) e a Universidad Internacional de Andalucía. Das 77 universidades citadas, 2 pertencen á Administración Xeral do Estado: a Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) e a UIMP. As demais están distribuídas nos 17 sistemas universitarios, correspondentes ás 17 comunidades autónomas, das que 9 teñen unha única universidade pública. O caso galego é diferente, posto que contamos con tres universidades, as tres públicas e presenciais para os estudos de grao, incorporando na actualidade á modalidade presencial a semipresencial nalgúns estudos oficiais de máster.

Neste curso académico 2008/09, o número de másters universitarios oficiais que se imparten no marco do Sistema Universitario Español, é de 2.021.

Máis información:

www.micinn.es

- Lei orgánica 4/ 2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, que senta as bases precisas para realizar unha profunda modernización da universidade española.

- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

- Orde ECI/ 3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.

- Resolución do 16 de xullo do 2008 da Dirección Xeral de Universidades sobre diversos aspectos relativos ás ensinanzas de máster e de doutoramento na nova ordenación universitaria.

- Resolución do 28 de outubro do 2008 da Dirección Xeral de Universidades, pola que se establece o procedemento abreviado para a verificación de ensinanzas oficiais de máster xa autorizadas conforme ao disposto no Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro.

- Comparecencia do secretario de Estado de Universidades, diante da Comisión de Ciencia e Innovación do Congreso, sobre o estado actual do sistema universitario, os seus retos e debilidades (Madrid, 9 de decembro do 2008).

A canle de televisión franco-xermana Canal Arte acadou o XII Premio Grupo Compostela da Xunta de Galicia



A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria participou no acto de entrega do XII Premio Grupo Compostela da Xunta de Galicia, que se celebrou en Londres, na University of Roehampton, e que contou coa asistencia do presidente do Grupo Compostela de Universidades, Maurits van Rooijen; o ex-presidente deste grupo, Michael Cooper; o presidente de Canal Arte, Gottfried Langenstein; e o reitor da universidade, Paul O'Prey.

A rede de televisión galardoada nesta edición está considerada como unha das mellores canles culturais de Europa. A través dunha emisión multilingüe, reúne a televisións públicas europeas e difunde contidos de tipo cultural, artístico, social e científico.

O Grupo Compostela é unha iniciativa da Universidade de Santiago de Compostela, composto por 80 institucións de educación superior de 26 países. Cada ano recoñece co Premio Internacional Grupo Compostela a unha persoa ou institución que, a través do seu traballo, teña contribuído á difusión de proxectos ou ideas internacionais. O obxectivo é premiar a excelencia e a calidade de traxectorias baseadas na promoción dos ideais comúns europeos, a educación e a preservación da herdanza cultural.

Europeana, a Biblioteca Dixital Europea

Coa chegada do 2009, o acceso á información e á herdanza cultural europea vaise tornando máis pública, gratuíta, libre, accesible e multilingüe, grazas á posta en marcha de Europeana, a Biblioteca Dixital Europea.

O día 20 de novembro do 2008 vía a luz esta interesante e necesaria iniciativa que combina perfectamente a harmonía, hoxe xa incuestionable, do acceso á cultura e a ciencia dende e co uso das novas tecnoloxías. A cerimonia de lanzamento tivo lugar na Biblioteca Real de Bélxica e contou coa presenza do presidente da Comisión Europea, da comisaria da Sociedade da Información e Medios de Comunicación e de varios ministros de Cultura da Unión.

Europeana é unha palabra latina que significa 'a biblioteca europea' e tamén 'todo o que é europeo', en referencia á riqueza do contido cultural da biblioteca e á diversidade de materiais (libros, xornais, música, películas, mapas) aos que dá acceso.

Na actualidade, Europeana reúne dous millóns de obras de bibliotecas, museos e outros arquivos culturais. O executivo comunitario desexa que, de cara ao ano 2010, esta cifra supere os dez millóns, procedentes de institucións e organismos culturais dos vinte e sete membros da Unión Europea.

Con anterioridade á inclusión do legado cultural de cada estado membro, estes deberán ter dixitalizados todas aquelas obras ou traballos que desexen achegar a Europeana, razón pola que neste momento estamos asistindo ao inicio dun ambicioso e interesante proxecto que día a día hai que seguir completando co compromiso e implicación dos distintos organismos competentes.

Dende Europeana, os usuarios potenciais, que segundo a Comisión andan polos cincocentos millóns, entre os que á parte do público en xeral, se atopan investigadores, profesorado, estudantes e profesionais, poderán entrar para a súa consulta e busca de información en 21 linguas europeas.

Accédese dende www.europeana.eu



Programa Pestalozzi do Consello de Europa para persoal docente

No ano 1969, o Consello de Europa establece un programa de capacitación para o profesorado de ensino primario e secundario que máis tarde, no 2005, pasaría a coñecerse como Programa Pestalozzi, en honra do gran pedagogo suízo de orixe italiana (1746-1827).

Baixo esta denominación, o Consello de Europa promove un programa de formación e desenvolvemento profesional para docentes, que foi deseñado co obxecto de responder aos retos formulados no Terceiro Cumio de Xefes de Estado e de Goberno en 2005, no que os dirixentes alí reunidos pedían un esforzo para a organización de actividades formativas dirixidas ao profesorado. O obxectivo era asegurar que os valores de respecto aos dereitos humanos, a democracia, a historia e a educación intercultural, ocupasen un lugar central nos sistemas educativos, nunha sociedade cada vez máis diversa e multicultural.

O programa intégrano tres tipos de actividades:

1.º Obradoiros de traballo europeos, que se deben celebrar nos estados membros. No 2009 desenvolveranse en Alemaña, Portugal, Polonia, España, Rumanía... , ao longo de todo o ano, xeralmente cunha duración de 3 a 5 días cada un.

2.º Seminarios. Cada ano a Academia Europea de Bad Wildbad, en estreita cooperación coas autoridades de Baden-Wurttemberg (Alemaña) adoita organizar catro seminarios.

3.º Módulos europeos de formación de formadores. Teñen a mesma finalidade e obxectivos básicos que as actividades sinaladas anteriormente, é dicir, a formación de formadores de persoal docente e o establecemento dunha rede de formadores en Europa. Estas actividades formativas pretenden traballar, sobre todo, na adquisición e desenvolvemento de capacidades como a sensibilidade e a conciencia, o coñecemento e a comprensión, a práctica individual e a práctica social. Estes módulos, teñen unha duración máis longa, esixen unha máis ampla dedicación e compóñense de cinco fases: a de planificación e preparación (6-8 meses), un obradoiro (3-5 días), desenvolvemento e xestión (6-8 meses) con intercambio de experiencias e información, un obradoiro (3-4 días) e a edición e difusión (2-3 meses).

Máis información sobre este programa en:

www.coe.int/formation (en francés)

www.coe.int/training (en inglés)

55

eduga

Revista Galega do Ensino

No próximo número:

“Os novos títulos universitarios oficiais no marco do Espazo Europeo de Educación Superior. As ensinanzas universitarias de posgrao: o doutoramento”